

SUBVENCIONS AO SECTOR DA HOSTALARÍA PARA A PROMOCIÓN DA DIXITALIZACIÓN E O MÁRKETING DIXITAL (PROCEDEMENTO TU503C)

Axudas

- O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva
- Gastos subvencionables:
 - Instalación de novos PMS (Property Management System).
 - Integración de PMS actuais.
 - Instalación de novos CRM (Customer Relationship Management) integrados con PMS.
 - Instalación de novos CRM non integrados con PMS.
 - CMR integrado con PMS e ferramentas de Big Data e Chatbots intelixentes.
 - Produtos/servizos de márketing orientados a captar e fidelizar novos mercados e clientes.
 - Web corporativa con motor de reservas.
 - Adquisición de hardware informático.
 - Gastos de persoal.
 - Equipamento tecnolóxico.
- Consideraranse actuacións subvencionables todas aquelas que se desenvolvan entre o 1 de xaneiro e o 15 de novembro de 2021.
- O importe da subvención será do 100% para un gasto subvencionable de ata 15.000 € por persoa beneficiaria.

Beneficiarias

- Poderán ser persoas ou entidades beneficiarias as persoas traballadoras autónomas, persoas físicas ou con persoal contratado por conta allea ao seu cargo, as microempresas e as pemes do sector de hostalaría que teñan o seu domicilio fiscal en Galicia.
- Para os efectos destas axudas considéranse dentro do sector da hostalaría os hoteis, hostais, casas rurais e outros tipos de aloxamentos, ademais de restaurantes, bares e outros establecementos de restauración.
- As entidades solicitantes deberán estar inscritas no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia (en adiante, REAT), con base nos artigos 50 e 51 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia.
- Así mesmo, deben estar comprendidas na definición de pequena e mediana empresa (peme).

Lugar e prazo de presentación

- Lugar: Sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>
- Prazo: 24 de outubro de 2021.

Documentación a entregar

- As persoas interesadas achegarán coa solicitude (anexo II) a seguinte documentación para a tramitación do procedemento:
 - Acreditación da representatividade suficiente para actuar no nome da entidade solicitante.
 - Memoria explicativa en que se defina de xeito pormenorizado o investimento e as actuacións que se van desenvolver.
 - Orzamento do investimento desagregado por partidas en que se especificará o importe da execución.
 - Documentación oficial que acredite os empregados da empresa solicitante no momento da solicitude.

Máis información

[Convocatoria DOG \(24/09/2021\)](#)

Teléfono: 900 815 334

E-mail: fomento.turismo@xunta.gal